

"TRILOXIA PRA UN NADAL CALQUERA"

(Pro Certame poético de Centro Cultural de Begonte (Lugo)

I - MAXIN

Chegou, por fin, como o Maxín quería,
a Noiteboa. Grandes e cativos,
xuntáronse no lar, sen mais motivos
que a Xesus festexar, máis a María

i-o San Xosé. Por iso naquel día
faguíanse xa os preparativos
moi cedo, dos mexunxes dixestávos,
namentras o Maxin se relambía.

O rapaz tusigou.

-¿Qué tés, meu fillo? -
lle perguntou sua nai.

-Non teñó nada.

-¿E logo qué remexes no bolsillo?

-Cousas miñas.

-A ver.

-!Ou, qué prosmada!
Insistiu, e nos bolsos daquil pille
topou cunha escolleita lambetada.

II - EXAME

Vai finar un ano e, polo tanto,
hai que faguer exame de concencia:
¿Ubraches nise tempo con decencia?
¿Un diaño fuches ou cecais un santo?

¿Foi o mundo pra ti lugar de encanto
ou, en troques, tempro de penitencia?
¿Gozaches do pracer? ¿Dicheste a cencia?
¿Produxéche-lo ben? ¿Puxéche espanto?

Axixa pro que ven: ¿Tremes á morte?
¿Tés tristeza ou invádete a ledicia?
o velo vir? ¿Hai algo que che importe
dalgún xeito? ¿Pensas faguer xusticia?
E, sobre todo ¿sentirás forte
pra ser sempre bó fillo de Galicia?

III - O CABALO

Eramos catro irmáns; o máis pequeno,
eu. Noso pai dixo aquel día
que a cabalgata dos Reis pasaría
sin lembrarse de nos.

-Non chores, neno;
outro ano será.

Eu dixen: -Boeno,
o millor algun Rey ten a manía
de non deixar carbós.

-!Probe alegria,
a de quen engulica un bó veneno!

Pola mañá, miña irmá veu cun regalo:
Un penco do grandor dunha formiga.
Díñlle voltas, sen mais, hasta escachalo.

E meu pai, sen berrar, Dio-lo bendiga,
perguntou: -¿Qué fixaches co cabalo?
-Ollar se tiña tripas na barriga.